



MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE CURTIS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA "AO TEU CARÓN" PARA O EXERCICIO 2026.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte Consellería de Política Social e Igualdade do programa de acompañamento para maiores "Ao teu carón" que o Concello de Curtis ten previsto desenvolver durante o ano 2026, co obxectivo de combater o illamento social na terceira idade.

1. As actividades programadas son as seguintes:

a) Planificación xeral no grupo de intervención. Faise referencia á abordaxe inicial do caso, que se expón dentro do grupo/equipo de intervención. Analízanse cales son as necesidades pensadas dende cada área profesional e decídese a abordaxe máis xeral dende un ámbito exclusivamente profesional.





b) Difusión do programa a través do grupo municipal de apoio. O grupo municipal de apoio confórmano os perfís técnicos do equipo de intervención e os perfís políticos. Este grupo xa está formado e funcionando desde o inicio do programa. A difusión do mesmo mediante este grupo, faise na rúa, polas casas, falando cos veciños e veciñas, ademais dos sistemas habituais de difusión, como as súas propias redes sociais, ou mensaxería instantánea.

c) Avaliación e valoración das persoas participantes: convivencia familiar; rede social ou de apoio; avaliación da soidade; estado cognitivo e afectivo; estado funcional; vida cotiá e rutinas; saúde; economía, vivenda e entorno físico.

d) Establecemento do plan personalizado de intervención: fíxanse obxectivos para as diferentes áreas de intervención: afectiva, cognitiva e social. Establécese un plan personalizado de intervención, que se fai tendo en conta a persoa usuaria. Se parte dos parámetros iniciais profesionais enmarcados nas esferas afectiva, cognitiva e social, pero tendo en conta cales son os gustos e intereses da persoa usuaria e polo tanto a ocupación significativa, o que facilitará unha adherencia ao servizo, cun maior compromiso e motivación e polo tanto uns mellores resultados de cara ao traballo para a consecución dos obxetivos previstos.

e) Desenvolvemento do programa: mediante diferentes estratexias pretenderase previr as situacións de soidade das persoas maiores e fomentar a súa vinculación á comunidade. Cando se fala de estratexias, se fai en referencia a tódalas accións descritas, como intervencións individualizadas ou talleres grupais.

f) Seguimento e valoración do programa: realizaranse seguimentos mensuais con recollida de datos como: persoas detectadas que son as posibles persoas usuarias que foron propostas polo grupo de apoio municipal, persoas atendidas, altas de persoas atendidas ou acompañamentos das persoas usuarias a algún servizo, cita o xestión. Aos seis meses a contar dende a primeira intervención coa persoa usuaria., realizarase un seguimento coa elaboración dun informe que recopile os indicadores recollidos durante ese período, xunto coas opinións e achegas dos axentes implicados, destacando aspectos a mellorar. Ao final do ano, realizarase una avaliación xeral do programa.

g) Preparación e realización de obradoiros grupais, como risoterapia, psicomotricidade ou terapia de reminiscencia, que estarán determinados polas necesidades e características específicas das persoas usuarias actuais e das potenciais.





h) A creación por parte da educadora social, co apoio do resto do grupo municipal de apoio. dunha rede de voluntariado que permita complementar as actuacións levadas a cabo polos profesionais é un punto estratéxico no programa. As persoas voluntarias poden actuar en diferentes ámbitos: difusión do programa, detección e canalización de posibles situacións de soldade, acompañamento persoal e individualizado e seguimento e apoio telefónico. A participación en calquera programa de voluntariado necesita dunha formación xenérica en canto a aspectos legais.

Ademais, a realización dun voluntariado con persoas maiores en situacións de soidade necesita dunha formación previa que permita comprender esta situación vital e as súas consecuencias no día a día das persoas que a padecen, detectar estas situacións e facilitar que as persoas voluntarias e as usuarias do programa establezan unha relación de acompañamento adecuada.

i) Difusión das actividades municipais e autonómicas coa intención de facer chegar a información das persoas maiores.

2. A posta en marcha do *programa Ao teu carón* comprenderá as seguintes actuacións:

a) Constitución do equipo de intervención que poñerá en marcha o programa, establecemento da súa estrutura e funcións.

b) Constitución do grupo municipal de apoio ao programa. Determinación da súa estrutura e funcións.

c) Establecer o contacto coas posibles novas persoas participantes identificadas a través da fase de recrutamento do programa "Ao teu carón", derivacións de centros de atención primaria e usuarias/os do Servizo de Axuda a Domicilio.

d) Complementar a intervención terapéutica no caso de actuais persoas que participan do programa piloto.

f) Recoller información sobre a situación persoal e social das persoas participantes.

g) Deseñar o programa individualizado de atención.

h) Propoñer o programa ás posibles persoas participantes e acadar a súa aprobación.

i) Visitas semanais ou quincenais a domicilio por parte do/da educador/a social, con actividades de acompañamento e apoio afectivo e con actividades que teñan en conta as





necesidades cognitivas e funcionais, con carácter ecolóxico, utilizando para elo como base o propio entorno e rutinas da persoa usuaria.

j) Chamadas regulares polo teléfono ou videochamadas por parte do profesional en función das necesidades afectivas, cognitivas e funcionais detectadas nas visitas a domicilio.

k) Formación de persoas voluntarias que crearán unha relación presencial ou telefónica estable con cada persoa ou parella.

l) Creación de redes de contacto telefónico entre as persoas participantes.

m) Establecemento de relacións cos centros educativos do Concello, como base para a realización de actividades de información e interxeracionais.

n) Selección de perfís adecuados para obradoiros grupais.

ñ) Procura e deseño de materiais e actividades grupais, empregados nos obradoiros grupais.

3. A execución deste programa levarase a cabo en tres fases diferentes en canto á súa execución e consisten en:

Fase 1

- Mantemento de reunións de coordinación co equipo técnico do programa "Ao teu Carón".
- Difusión do programa mediante reunións co persoal dos centros de atención primaria dos Centros de Saúde de Curtis e Teixeira, Servizo de Axuda a Domicilio e outros axentes sociais. Cartelaría e charlas divulgativas.
- Avaliación terapéutica das persoas usuarias do programa e elaboración de informes.

Fase 2

- Establecemento e implantación do plan individualizado de intervención.
- Posta en marcha do programa de voluntariado: selección de persoas voluntarias, formación e incorporación.
- Execución de talleres grupais.

Fase 3





- Avaliación dos resultados do programa a nivel individual, familiar e da institución.
- Avaliación dos talleres grupais.
- Difusión dos resultados.

Para o cumprimento da finalidade prevista neste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **veinte e oito mil quinientos oitenta e tres euros con un centimo (28.583,01 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.460.0, proxecto 2022-00116** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Este financiamento terá vixencia desde o momento da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2026, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026.

O carácter singular deste convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radica nas características xeográficas e demográficas do concello. A soidade e o illamento son especialmente preocupantes no caso de persoas maiores que viven no medio rural, principalmente nas zonas, pobos e aldeas máis despoboadas e xeograficamente dispersas, onde é frecuente que se concentre a poboación máis envellecida, como é o caso do concello de Curtis. Nesas circunstancias redúcense as posibilidades do contacto social, que se ve aínda máis minguadas ao non dispoñer do medio rural de conexións nin de dispositivos adecuados.

O illamento e soidade teñen consecuencias, non só sobre a satisfacción vital e a calidade de vida das persoas maiores do medio rural, senón tamén sobre as súas capacidades cognitivas, comunicativas e de habilidades sociais. De maneira especial pode influír o seu estado afectivo, incrementando as posibilidades de desenvolver alteracións afectivo-conductuais entre a que destaca o sentimento de soidade.

Esta realidade agravada polos efectos da situación da pandemia, implicou a necesidade de desenvolver novas formas de actuar, tendo en conta unha intervención centrada na persoa maior e dirixida a aqueles que ante unha situación de fragilidade poidan estar máis desprotexidos.

O Concello de Curtis está desenvolvendo o programa de acompañamento para maiores "Ao teu carón", co obxectivo de combater o illamento social na terceira idade. Nunha fase inicial, realizada durante o período de confinamento, identificouse, mediante o padrón municipal, a aqueles maiores de 60 que vivían sós e estableceuse contacto telefónico con eles para detectar aqueles casos nos que era preciso realizar algún tipo de actuación. Deste xeito, iniciouse un servizo de apoio telefónico para coñecer a situación, demandas e necesidades dos potenciais usuarios do servizo. Paralelamente, pónse en marcha unha intervención domiciliaria levada a cabo por unha educadora social, realizándose unha valoración inicial en base á cal identificase cales son os recursos máis adaptados a cada caso.

Tendo en conta as características da poboación, con este proxecto preténdese facer unha avaliación terapéutica individual das persoas detectadas, que permita coñecer o estado cognitivo, afectivo, funcional e social e establecer programas individualizados de intervención que melloren o seu estado, ademais de asesorar e apoiar aos profesionais do servizo de axuda ao domicilio e coidadores familiares.

O funcionamento do programa está sendo óptimo, polo que se valora un incremento do





recurso para seguilo mantendo de maneira permanente.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este programa que é o Concello de Curtis, entidade que mellor pode prestar este servizo xa que conta tanto cos medios necesarios como cun profundo coñecemento das necesidades efectivas dos destinatarios deste convenio.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

